

## RECORTES

### TEXTOS PARA AS PROBAS

Cada aspirante terá que elixir dous dos tres textos propostos, que pode modificar (acurtar alongar, cambiar a orde...) do xeito que consideren oportuno para elaborar a súa proposta persoal.

### TEXTO 1

Un, dous, tres, catro... un, dous, tres, catro... un, dous, tres, catro... múltiplos de catro... se me equivoco, sigo ata oito, ou ata doce, ou ata dezaseis... un, dous, tres, catro... acender o interruptor da luz... un, dous, tres, catro... abrir a porta... un, dous, tres, catro... pechar a porta... un, dous, tres, catro, cinco, paseime... sigo ata oito... seis, sete, oito... as mans! Limpar as mans! Os xermes.. están por todas partes... as mans... limpar as mans... catro... catro veces... un, dous, tres, catro... rezo, rezo, teño que rezar... *padre nuestro que estás en los cielos, padre nuestro que estás en los cielos, padre nuestro que estás en los cielos, padre nuestro que estás en los cielos*... hoxe xogo de titular... non quero xogar de titular... non quero xogar diante da xente... xúlganme... son moitos... fallo, fallo, fallo, fallo... fallo e míranme mal... son moitos... xúlganme... non teño aire... non respiro... vou perder a cabeza... voume volver tolo... non respiro... afogo... morro... vou morrer... peor... vou vivir... non respiro... non quero... quero berrar... non podo... quero chorar... choro... teño medo... *padre nuestro, padre nuestro, padre nuestro, padre nuestro*... non podo pisar as liñas, non podo pisar as liñas, non podo pisar as liñas... que non me toquen... que non me toque ninguén... que non me toque nada... os xermes... que non me toquen... os bolígrafos... os bolígrafos dos fans... que no me toquen...os rivais... que non me toquen... os compañeiros tampouco... o xermes... as liñas... non respiro... morro... choro... un, dous, tres, catro... non quero xogar... un, dous, tres, catro... non respiro... as liñas, as liñas, as liñas, as liñas... co pé dereito, co pé dereito, co pé dereito... non respiro... catro, catro, catro, catro...

## TEXTO 2

Escóitame... isto é o que tes que aprender... non hai nada perfecto, pero se volvese nacer, volvería ser futbolista. Nin sequera a morte é quen de que eu deixe de amar o fútbol. Os dirixentes só miran polo deles, non lles importas, úsante, os xornalistas menten, non lles importas, úsante, hai presión, hai medo, hai corrupción, hai traizóns, hai puñaladas, hai inxustizas, hai merda por todos os lados... pero o fútbol é o deporte máis fermoso e máis san do mundo... e por moita merda que haxa... a pelota non se mancha, entendes? Repite comigo: a pelota non se mancha, a pelota non se mancha, a pelota non se mancha.

## TEXTO 3

A xeración Z é a que ten menos paciencia e menos espírito de sacrificio da historia da humanidade. Hoxe, os de dezaioito anos teñen a mesma madurez emocional que un neno de dez. Coidado con iso. Vós, nenos, non debedes ser así. Rapaces, temos que ser heroes! Os heroes non gañan. Os heroes remontan!

"Papá, quero ser futbolista...". Vale, queres ser futbolista... pero só che vou permitir ser futbolista se vas ser o mellor, porque para ser do montón mellor deixa todo e prepara unha oposición, fracasado.

Tedes que dicir: "Mataría por xogar". Pero non, non o dicides porque estades vinte e catro horas no Fornite. "Gustaríame ser xogador de fútbol...". Non, non me vale! Eu, o que necesito é que digas que non te ves facendo outra cousa.

Din esta mesma charla aquí hai anos no mesmo club. Nenos pequenos coma vós. Cando lles preguntaba que querían ser de maiores, contestábanme: "Quero ser campión do mundo. Quero gañar o balón de ouro...". E eu dicíalles: "Olé os vosos collóns!". Pero agora, fágolles esa mesma pregunta a nenos de sete anos e din: "Gustaríame ser xogador de fútbol, pero é tan difícil...". E eu, sabedes o que vos digo? Tedes sete anos! Soñade, hostia, putos mediocres!